

30 Noviembre de 2015 - Revista 1049

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 12

PREMIOS E CONCURSOS / 15

NOVAS DE EMPREGO / 15

EN PORTADA

Política Social abre o prazo de inscrición para a sétima edición do Parlamento Xove, un programa que fomenta entre a mocidade o diálogo para argumentar ideas propias

Martes, 24 Novembro 2015 17:54

• Poderán participar un total de 48 equipos de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria e de 1º e 2º de Bacharelato dos centros educativos galegos, conformados por catro alumnos e un profesor, que será o coordinador.

• Durante o transcurso destes debates dialécticos, os mozos desenvolven valores como a capacidade de selección de información, a expresión escrita e oral, a orixinalidade, a argumentación razoada, o traballo en equipo ou a convivencia.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, vén de abrir o prazo de inscrición para a sétima edición do **Parlamento Xove**, un programa de debate que ten por obxecto fomentar entre a mocidade o diálogo como ferramenta para argumentar razoadamente as ideas propias. No **Parlamento Xove** poderán participar un total de 48 equipos de 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria e de 1º e 2º de Bacharelato dos centros educativos galegos. Os equipos estarán formados por catro alumnos e un profesor, que será o coordinador.

O **Parlamento Xove** é unha competición na que os diversos equipos inscritos investigarán, escribirán e debaterán sobre un tema formulado pola organización. O programa realizarase en dúas fases, unha primeira clasificatoria da que xurdirán oito equipos gañadores, que se enfrontarán nunha segunda fase final. Paralelamente, os equipos deberán entregar un dossier de investigación, que contará cun premio especial ao mellor documento. Con carácter previo ao inicio da fase clasificatoria desenvolveranse unha xornadas de formación. A dificultade da actividade está en que só cinco minutos antes de cada encontro dialéctico procederase ao sorteo da postura a adoptar por cada equipo, 'a favor' ou 'en contra', en relación á cuestión formulada.

Parlamento Xove nace dun modelo participativo que permite aos mozos e mozas desenvolver a capacidade de levar a cabo diálogos respectuosos e produtivos e permítelles medrar no emprego de ferramentas democráticas. Os mozos realizan debates de carácter argumentativo que permiten a discusión sobre o tema proposto no que gañarán non os equipos que necesariamente teñan a razón, senón os que mellor sustenten as súas ideas.

Durante o transcurso destes debates dialécticos, os mozos desenvolven valores como a capacidade de selección de información, a expresión escrita e oral, a orixinalidade, a argumentación razoada, o traballo en equipo ou a convivencia. O **Parlamento Xove** tamén fomenta a toma de conciencia no comportamento democrático e o respecto polas ideas dos demais.

A directora xeral de Xuventude presenta o VII EMAX como un espazo para compartir os diferentes programas en materia xuvenil que se realizan en Galicia e no norte de Portugal

Mercres, 25 Novembro 2015 15:21

• Cecilia Vázquez definiu ao EMAX como o "lugar de encontro para que os mozos compartan as súas experiencias, dialoguen sobre as súas esperanzas e poñan en valor as boas prácticas en proxectos de asociacionismo e participación xuvenil"

• O encontro contará coa participación de máis de 400 persoas e 32 entidades xuvenís.



A directora xeral Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, presentou esta mañá o programa do **VII Encontro mostra asociativa Xuvenil Galicia-Norte de Portugal (EMAX)**, que terá lugar o vindeiro sábado **28 de novembro** na vila padronesa e no que participarán máis de 400 persoas, na maior parte mozos e mozas galegos e portugueses, así como 32 asociacións e entidades xuvenís. Cecilia Vázquez asegurou que o **EMAX** servirá para "compartir e divulgar os diferentes modelos, programas e en materia de participación xuvenil, que se realizan tanto en Galicia como no Norte de Portugal".

Nas súas verbas, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado identificou a sétima edición da **EMAX** como o "lugar de encontro para que os mozos compartan as súas experiencias, dialoguen sobre as súas esperanzas e poñan en valor as boas prácticas en proxectos de asociacionismo e participación xuvenil". Do mesmo xeito, Cecilia Vázquez destacou estes procesos asociativos e iniciativas xuvenís como programas de educación non formal a través dos que a mocidade "adquire unha serie de aptitudes altamente valoradas".

Asemade, a directora xeral apuntou que "as políticas máis modernas e innovadoras en materia de Xuventude en toda Europa teñen como nexa a educación non formal como medio para mellorar as competencias curriculares dos mozos e mozas".

VII EMAX

O programa do **VII Encontro mostra asociativa Xuvenil Galicia-Norte de Portugal (EMAX)** componse de mesas redondas, conferencias e paneis de experiencia, onde o máis importante vai ser a propia participación dos asistentes. Deste xeito crearase un espazo de aprendizaxe para compartir experiencias asociativas e amosar publicamente o traballo desenvolvido polas asociacións xuvenís e grupos informais de mozos e mozas en distintas áreas de actuación.

O **obxectivo** é o de crear un espazo de reflexión acerca da importancia da educación non formal, da participación e compromiso dos mozos e mozas, tanto a nivel individual como a través de grupos informais e asociacións, divulgando experiencias e estimulando o espírito de iniciativa dos participantes.

O **EMAX** porá a disposición de cada entidade xuvenil un espazo para a exposición de ideas, actividades e proxectos, con zona de expoñedores dos diferentes colectivos participantes.

Política Social promove a empregabilidade da xuventude a través dos obradoiros 'A Marca es Ti' que se celebran nos Espazos Xoves de Vilalba, Betanzos, Vilagarcía, Ourense e Noia

Xoves, 26 Novembro 2015 08:43

A directora xeral Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou no serán de hoxe no obradoiro para mozas e mozos 'A Marca es Ti' co que a Consellería de Política Social ofrece á mocidade galega ferramentas que melloren a súa empregabilidade mediante a utilización das súas fortalezas como unha marca persoal.

Cecilia Vázquez asegurou que a través deste tipo de iniciativas "ofrecemos á xuventude os mecanismos para que poidan descubrir e reforzar ante os empregadores todo o seu talento e todas as súas potencialidades".

Neste obradoiro os participantes poden aprender a xestionar as súas redes sociais de cara a un emprego, xa que en moitas ocasións son a súa carta de presentación. Tamén se abordan cuestións como mellorar a redacción dos currículos ou como afrontar con seguridade unha entrevista persoal, co fin de destacar no mercado laboral.

'A marca es ti' xa se levou a cabo en Vilalba e agora chega a Betanzos. Esta iniciativa tamén se desenvolverá nos **Espazos Xoves de Ourense** (27 de novembro), de **Vilagarcía** (11 de decembro) e de **Noia** (16 de decembro). O horario de todos os obradoiros é das 18:45 ata as 20:45.

Aposta pola empregabilidade da mocidade

A aposta pola empregabilidade da xuventude galega é unha das liñas estratéxicas da Consellería de Política Social. Así, cómpre destacar que, durante 2015 e ao abeiro do programa 'Deseñando o teu futuro', financiáronse 17 proxectos presentados por concellos e entidades sen ánimo de lucro que facilitan que un total de 403 mozos e mozas realicen estadias visitas en empresas ao longo deste 2015. Este proxecto da Xunta de Galicia trata de achegar os rapaces galegos ao ámbito sociolaboral que eles mesmos desexen coñecer coa finalidade de que entren en contacto coa realidade das empresas mediante o desenvolvemento de estadias visitas en distintos sectores.

Política Social impulsa o VII EMAX como o 'lugar de encontro para que os mozos compartan as súas experiencias e e poñan en valor os proxectos de asociacionismo e participación xuvenil'

Luns, 30 Novembro 2015 07:58

A directora xeral Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou esta mañá no acto de apertura do do **VII Encontro mostra asociativa Xuvenil Galicia-Norte de Portugal (EMAX)**. Acompañada por máis de 400 persoas, na maior parte mozos e mozas galegos



e portugueses, así como 32 asociacións e entidades xuvenís, Cecilia Vázquez asegurou que o **EMAX** é o "lugar de encontro para que os mozos compartan as súas experiencias, dialoguen sobre as súas esperanzas e poñan en valor as boas prácticas en proxectos de asociacionismo e participación xuvenil".

No seu relatorio, a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado salientou a sétima edición da **EMAX** como o "un lugar de intercambio no que os programas de participación xuvenil son os protagonistas, a educación non formal o vehículo de aprendizaxe e a nosa mocidade, a principal beneficiaria". Nesta liña, Cecilia Vázquez aseverou que "toda sociedade que fomenta as experiencias de voluntariado ou proxectos asociativos vese claramente favorecida por un inmenso patrimonio inmaterial configurado polos valores que acadan os mozos a través destas experiencias". Así identificou estes valores como as "aptitudes comunicativas, organizativas e de planificación; o traballo en equipo e a toma de decisións; e a a iniciativa, a autoconfianza e a autonomía".

Do mesmo xeito, a directora xeral destacou a importancia deste tipo de iniciativas "porque investir na mocidade é investir no futuro de Galicia" e lembrou que o orzamento da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado medra un 15% para 2016 ata chegar aos 9,4 millóns de euros.

Colaboración con Portugal

Nas súas verbas, Cecilia Vázquez subliñou a importancia de establecer accións de cooperación transfronteiriza con Portugal e recordou algunhas das medidas máis importantes que abrangue a **Eurorexión Galicia-Norte de Portugal**. No eido da xuventude, a directora xeral lembrou que as institucións xuvenís dos dous países colaboraran desde hai 4 anos no proxecto europeo Emprende, que permitiu por en marcha programas de asesoramento e cooperación empresarial, onde destacou o traballo do gabinete de iniciativas xuvenís emprendedoras, un servizo de acompañamento individualizado nos primeiros momentos de captación, xeración e maduración de ideas para aqueles mozos e mozas que decidiran comezar un proxecto empresarial.

Con este proxecto tamén se puideron organizar outras accións de apoio ás iniciativas xuvenís emprendedoras, de axuda á internacionalización de empresas, e de formación e capacitación para mozos e mozas con ideas de negocio.

Ademais, tamén se facilitou a creación de foros e de encontros entre a mocidade, o tecido asociativo e a realidade empresarial para detectar oportunidades laborais, promover o intercambio de ideas e a xeración de sinerxías que poidan concluír en iniciativas conxuntas.

VII EMAX

O programa do **VII Encontro mostra asociativa Xuvenil Galicia-Norte de Portugal (EMAX)** componse de mesas redondas, conferencias e paneis de experiencia, onde o máis importante vai ser a propia participación dos asistentes. Deste xeito crearase un espazo de aprendizaxe para compartir experiencias asociativas e amosar publicamente o traballo desenvolvido polas asociacións xuvenís e grupos informais de mozos e mozas en distintas áreas de actuación.

O **obxectivo** é o de crear un espazo de reflexión acerca da importancia da educación non formal, da participación e compromiso dos mozos e mozas, tanto a nivel individual como a través de grupos informais e asociacións, divulgando experiencias e estimulando o espírito de iniciativa dos participantes.

O **EMAX** porá a disposición de cada entidade xuvenil un espazo para a exposición de ideas, actividades e proxectos, con zona de expo-sitores dos diferentes colectivos participantes.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Videos realizados polo alumnado do IES Mestre Landín

Luns, 30 Novembro 2015 07:25

Halcon Viajes, como entidade adherida ao programa carné xove, convoca o **programa "Neve 2016"** para saídas á estación de esquí de Leitariegos.



PROGRAMA

Venres:

Saída dende os diferentes puntos de Galicia con dirección a Otero (León). Chegamos ao Hotel Rural El Arbedal. Cea e aloxamento.

Sábado:

Almorzo e saída ata a Estación de Leitariegos para gozar dun día de esquí. Recollida do material en alugamento (esquí, botas, bastóns e casco) e distribución de clases (2 horas). Xantar pic-nic en pistas. Ao final do día traslado ao Hotel. Cea e aloxamento.

Domingo:

Almorzo e saída con maletas ata a estación para gozar doutro día de esquí. Xantar pic-nic en pistas. Ao final do día traslado de regreso a Galicia.

PREZO:

Con Carné xove: 180 €

Sen Carné xove: 195 €

O prezo inclúe:

- Autocar durante todo o itinerario, e para traslados a pistas.
- 2 noites de aloxamento en habitación dobre ou tripla
- Aloxamento, almorzo e cea no Hotel
- 2 xantares pic-nic en pistas
- Alugamento de material (esquí, bastóns, botas e casco) os dous días
- 2 clases de 2 horas con monitor especializado.
- Forfait, seguro de esquí e de viaxe

DATAS:

Saídas programadas o 15 de xaneiro e o 12 de febreiro.

ADEMAIS: *Pódeche saír gratis??*. Entre os participantes sorteamos 1 praza gratuíta. *Pódeche tocar a ti!!!* Válido cando se xunte grupo de 45 pasaxeiros en diante

Aberto o prazo de inscrición para o Parlamento Xove 2016

Luns, 23 Novembro 2015 10:27



Nos seguintes enlaces podedes ver os videos realizados polo alumnado do **IES Mestre Landín de Marín**, que un curso máis participan no programa **Correspondentes Xuvenís 3.0**:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmestrelandin/?q=node/672>

<https://www.youtube.com/watch?v=YOpPY8bdiQw>

<https://www.youtube.com/watch?v=jdAi-fc7sds>

Parabéns a todas e todos!

Semana de reis na neve

Luns, 30 Novembro 2015 07:44

Halcon Viajes, como entidade adherida ao programa carné xove, convoca o **programa "Neve 2016"** para saídas á estación de esquí de Leitariegos en reis.

PROGRAMA



Venres 01 de xaneiro:

Saída pola tarde dende os diferentes puntos de Galicia con dirección a Otero (León). Chegamos ao Hotel Rural El Arbedal. Cea e aloxamento.

Sábado 02 ata o martes 05 de xaneiro:

Días de esquí. Almorzo e saída ata a Estación de Leitariegos para gozar dun día de esquí. Xantar pic-nic en pistas. Ao final do día traslado ao Hotel. Cea e aloxamento.

Mércores 06 de xaneiro:

Almorzo e saída con maletas ata a estación para gozar doutro día de esquí. Xantar pic-nic en pistas. Ao final do día traslado de regreso a Galicia.

PREZO:

Con Carné xove: 340 €

Sen Carné xove: 355 €

O prezo inclúe:

- Autocar durante todo o itinerario, e para traslados a pistas.
- 5 noites de aloxamento en habitación dobre ou tripla
- Aloxamento, almorzo e cea no hotel
- 5 xantares pic-nic en pistas
- Forfait, seguro de esquí e de viaxe

ADEMAIS: *Pódeche saír gratis??*. Entre os participantes sorteamos 1 praza gratuíta. *Pódeche tocar a ti!!!* Válido cando se xunte grupo de 45 pasaxeiros en diante.

Campos de traballo en Valencia durante o Nadal

Luns, 30 Novembro 2015 11:39

O **IVA.J.GVA JOVE** ofréceche a posibilidade de pasar un **Nadal diferente, solidario e divertido**.



Son un tipo de actividades onde te reunirás cun grupo de mozos e mozas de diferentes comunidades autónomas, comprometidos voluntaria e desinteresadamente para levar a cabo un proxecto con contido social en favor da comunidade. Todo elo, combinado con actividades de animación.

¿QUEN PODE PARTICIPAR? Mozos e mozas entre 18 e 26 anos.

DATAS: Do 26 de decembro de 2015 o 4 de xaneiro de 2016.

COTA: 60,00 €

PROXECTOS:

- 1) Ven y diviértete:** 25 voluntarios/as dedicarán o seu tempo a preparar un programa de actividades lúdicas para 25 nenos/as entre 6 e 12 anos, en risco de exclusión social.
- 2) Navidades solidarias:** 25 voluntarios/as dedicarán o seu tempo a convivir con 25 nenos/as entre 9 e 12 anos.

INSCRICIÓN: ata o 15/12/2015.

Aula Móbil de Garantía Xuvenil do 30/11 ó 6/12

Luns, 30 Novembro 2015 13:12

PLAN DE GARANTÍA XUVENIL Actividades do 30/11 ao 6/12

AULA MÓBIL

30/11 Verín - Praza de García Barbón

1/12 O Barco - Explanada do Malecón

2/12 Tui - Praza de Galicia

3-4 /12 O Porriño – Ao carón do pavillón

5-6 /12 Lalín –Praza da Igrexa

CHARLAS

Día 30

10:00 h. Muros - Aula Cemit (Casa da Cultura. Praza San Pedro, s/n)

12:00 h. Outes - Casa da Cultura (Av de San Campiód, 1)

Día 1

10:00 h. Marín - Aula Cemit (Biblioteca Pública Municipal Vidal Pazos)

12:00 h. Bueu - Centro Social do Mar (Montero Ríos, 18)

17:00 h. Moaña - Aula Cemit (María Martin 4)

Día 2

10:00 h. Vilanova - Aula Cemit (Rúa O Cruceiro, 4)

12:00 h. Vilagarcía - Aula Cemit (Avenida de Matosinhos, 1)

17:00 h. Cuntis - Aula Cemit (Casa do Médico - Circunvalación Don Aurelio, nº 65)

Día 3

10:00 h. Pobra do Caramiñal - Aula informática do Concello (Casa do Concello)

12:00 h. Porto do Son - Aula Cemit (Rúa Atalaya)

Día 4

10:00 h. Ordes - POR CONFIRMAR SALA

12:00 h. Santa Comba - Aula Cemit (Centro Multiusos. Rúa Curros Enríquez, s/n)

12:00 h. Baiona - Centro Multiusos Angel Bedriñana (Carabela La Pinta nº 11)

MÁIS INFORMACIÓN: 881 99 57 00 <http://garantiaxuvenil.xunta.es>

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Congresos USC - 2016

Xoves, 26 Novembro 2015 12:15

CONGRESOS UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

X Citurdes. Congreso Internacional de Turismo Rural e Desenvolvementos Sustentábel.

Santiago de Compostela, do 19 ao 21 de outubro de 2016

Organiza: CETUR-IDEGA, GRUPO ANTE

Entre os días **19 e 21 de outubro de 2016** a cidade de **Santiago de Compostela** acollerá o **X Congreso Internacional de Turismo Rural e Desenvolvemento Sustentable**, que por segunda vez na súa historia vai ter lugar en Europa. Chegamos ao número máximo de dez edicións coa mesma forza e a mesma ilusión do primeiro día, promovendo o debate e as ideas sobre o turismo no espazo rural e o seu papel en relación ao desenvolvemento sustentable.

O tema central deste congreso é Turismo no espazo rural: balance crítico. Con este lema, o obxectivo que nos marcamos é o de reflexionar críticamente sobre o que pasou con esta actividade ata o momento. Levamos xa varias décadas falando e escribindo sobre as bondades do turismo no espazo rural: a súa relación co desenvolvemento sustentable nas súas diferentes perspectivas; as oportunidades laborais que xera, fundamentalmente para as mulleres; ou o seu papel na recuperación patrimonial e cultural en xeral. Con todo, tanto no contexto ibérico como no latinoamericano non parecen existir demasiadas evidencias de que o TER provoque grandes transformacións. Por isto, cremos que é moi pertinente o debate sobre o que se fixo ata agora desde unha perspectiva crítica, aínda que tamén construtiva.

Os diferentes grupos de traballo (GT) que se propoñen queren abordar algúns dos retos necesarios desde unha mirada crítica. Entre eles inclúense os relacionados cos espazos naturais protexidos, coas cuestións de xénero e sexualidades, coa desagrarización ou coas réplicas de modelos que xeran competencias e imitacións e que non fan máis que reflectir unha falta de estratexias adecuadas. Pero tamén o X Citurdes quere destacar as moitas iniciativas exitosas que se crearon nestes anos, así como as oportunidades que ofrecen as tecnoloxías, ferramentas que teñen aínda un gran percorrido e que abren grandes expectativas para o turismo no espazo rural.

Santiago de Compostela é unha cidade declarada patrimonio mundial da humanidade pola UNESCO. Ademais do seu singular valor monumental, ten un importante significado histórico como etapa final dos camiños de Santiago, ruta de peregrinación de orixe medieval. Tamén a súa Universidade, con máis de 500 anos de antigüidade, é un referente cultural e a gran dinamizadora cultural da cidade. Pero ademais de cidade de acollida, Santiago tamén é a capital de Galicia. Entre as riquezas destas terras do noroeste ibérico están as súas paisaxes e a diversidade do seu espazo rural. O congreso propón dúas saídas ao campo para ver diferentes iniciativas relacionadas co turismo rural. En ambos os casos ademais cunha estreita vinculación aos camiños de Santiago.

Esperamos pois contar coa vosa presenza en Santiago para participar do X Citurdes: debater, aprender, intercambiar, coñecer, gozar.

DATAS IMPORTANTES

Data límite para o envío de resumos: 18 decembro 2015

Data límite para comunicar a aceptación dos traballos aceptados: 15 xaneiro 2016

Data límite para o pago a prezo reducido: 26 febreiro 2016

Data límite para o envío do texto completo: 24 de xuño 2016

Mais información: <http://www.usc.es/es/congresos/citurdes/index.html>

II Encontro Galaico-Portugués de Biometría, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente

Facultade de Matemáticas, Santiago de Compostela, do 30 de xuño ao 02 de xullo de 2016.

Organiza: Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e Investigación de Operacións (SGAPEIO) e a Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE)

Data de inicio: Xoves, 30 de xuño de 2016

Data de remate: Sábado, 02 de xullo de 2016

Cidade: Santiago de Compostela

Localización: Facultade de Matemáticas

Organización: Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e Investigación de Operacións (SGAPEIO) e a Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE)

Descrición:

Ou **II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)**, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente, terá lugar vos días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2016 na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

Este encontro temático está organizado pola Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) e pola Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE) como continuación de dous encontros previos organizados polas dúas sociedades: ou I Encontro Luso-Galaico de Biometría, que se celebrou en Braga (Portugal) do 14 ao 16 de xullo de 2013, e ou I Encon-

tro Luso-Galaico de Estatística non Medio Ambiente e na Ecoloxía (EES2014), que se celebrou en Vila Real (Portugal) do 6 ao 8 de novembro de 2014.

Ou programa do encontro inclúe 4 sesións plenarias, 4 sesións convidadas, unha mesa redonda, e sesións de comunicacións orais e posters, ademáis dun minicurso sobre análise de supervivencia.

Datas importantes:

- Data límite de envío de resumos: 31 de marzo de 2016.

- Notificación da decisión: 20 de abril de 2016.

- Data límite de inscrición a prezo reducido: 30 de abril de 2016.

Máis información: <http://biometria.sgapeio.es>

Correo electrónico de contacto: mariajose.ginzo@usc.es

Teléfono de contacto: 881813378

19th European Conference on Mathematics for Industry (ECMI 2016)

Data de inicio: Luns, 13 de xuño de 2016

Data de remate: Venres, 17 de xuño de 2016

Cidade: Santiago de Compostela

Localización: Facultade de Bioloxía e Matemáticas

Organización: Departamento de Matemática Aplicada e Rede Española Matemática-Industria (math-in)

Descrición: ECMI conferences are promoted by the European Consortium for Mathematics in Industry with the aim to enforce the interaction between academy and industry, leading to innovation in both fields.

The 19th European Conference on Mathematics for Industry will take place on June 13-17 in Santiago de Compostela, a lively university town in the north west of Spain. This so-called "city of stone" shelters one of the oldest and most prestigious universities in Spain, the University of Santiago de Compostela (USC), founded in 1495.

The last four ECMI conferences have been held in Taormina (2014), Lund (2012), Wuppertal (2010) and London (2008).

The conference ECMI 2016 is jointly organized by the Department of Applied Mathematics of the USC and the Spanish Network for

Mathematics & Industry (math-in).

All relevant information concerning the conference will continuously be updated on the conference website:

<http://www.usc.es/congresos/ecmi2016>

Correo electrónico de contacto: ecmi2016@usc.es

Teléfono de contacto: 881813184

Congreso Internacional sobre? Novas tecnoloxías e novas formas de traballar no dereito español e comparado? "Renovarse ou Morrer" (Reino Unido, Francia, Alemaña, Italia, Polonia, Arxentina e España)

Data de inicio: Xoves, 14 de abril de 2016

Data de remate: Venres, 15 de abril de 2016

Cidade: Santiago de Compostela

Localización: Facultade de Dereito

Organización: ADAPT, AEDTSS e USC

Descrición: Os próximos días 14 e 15 de abril de 2016, a Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela comprácese en organizar e acoller o **CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE ?NOVAS TECNOLOXÍAS E NOVAS FORMAS DE TRABALLAR NO DEREITO ESPAÑOL E COMPARADO?** (Reino Unido, Francia, Alemaña, Italia, Polonia, Arxentina e España).

Na actualidade, resulta claro que o irrefreable avance das últimas novas tecnoloxías da comunicación e a informática, xunto coa cada vez maior superación do vello modelo produtivo do traballo presencial, fai xurdir ?de forma natural- un abanico de novas formas de traballar. A necesidade de reducir as altas taxas de desemprego e crear novos postos de traballo para saír definitivamente da crise económica dos últimos anos obriga ao traballador e ao empresario para explorar novas maneiras formas de prestar servizos, máis flexibles, dinámicas e atractivas, reinventando os límites tradicionais do espazo e tempo de traballo, así como dos conceptos clásicos da propia relación laboral e empresa. Aos poucos, termos ata hai uns anos descoñecidos ?como os de sharing economy (crowd employment, dixital platform employment, collaborative employment) ou ?uberización? do traballo- vólvense cada vez máis familiares e déixannos claro que o mercado de traballo está a cambiar. Ademais, xunto a esas novas formas de traballo colectivo, emerxen outras que se adaptan mellor ao novo emprendedor individual dixital, como o ICT mobile work, casual work, voucher based work ou o portafolio work. Diversos estudos de organismos internacionais acreditan o ?aínda que incipiente- xa imparabile xurdimento de novas modalidades de traballar e relacionarse socialmente.

Os retos para o clásico Dereito do Traballo parecen importantes, sobre todo, a efectos de poder dar adecuada resposta á inxente cantidade de problemas xurídicos que poden derivar destes profundos cambios sociais, tecnolóxicos e laborais. Así, en canto resulta oportuno empezar a valorar con certo detemento estas emerxentes formas de traballar, os coorganizadores do mencionado Congreso

Internacional? ADAPT, AEDTSS e a propia USC? desexan convidar a todos os interesados na materia para participar activamente naquel, ben asistindo ás conferencias e debates, ben achegando un traballo específico relacionado coa temática dalgunhas dos relatorios (presentado no Congreso na modalidade poster).

Sen dúbida, esa participación activa será esencial para comezar a reflexionar dunha maneira seria e ordenada sobre a profundidade das últimas e futuras transformacións laborais.

Os interesados poden achar información completa sobre o evento, matrícula, comunicacións e outras cuestións, na dirección: <http://www.cielolaboral.com/congreso-internacional-novas-tecnologias-e-novas-maneiras-de-traballar-en-o-dereito-espanol-e-comparado-renovarse-ou-morrer/>

Moitas grazas polo voso interese.

Santiago de Compostela, outubro 2015.

Os Coorganizadores: ADAPT, AEDTSS e USC

Correo electrónico de contacto: alicia.villalba@usc.es, congreso2016derechotrabajo@hotmail.com

Teléfono de contacto: 14614

CONGRESOS UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Citurdes. Congreso Internacional de Turismo Rural e Desenvolvementos Sustentábel. Santiago de Compostela, do **19 ao 21 de outubro de 2016**

Organiza: CETUR-IDEGA, GRUPO ANTE Entre os días **19 e 21 de outubro de 2016** a cidade de Santiago de Compostela acollerá o X Congreso Internacional de Turismo Rural e Desenvolvemento Sustentable, que por segunda vez na súa historia vai ter lugar en Europa. Chegamos ao número máxico de dez edicións coa mesma forza e a mesma ilusión do primeiro día, promovendo o debate e as ideas sobre o turismo no espazo rural e o seu papel en relación ao desenvolvemento sustentable.

O tema central deste congreso é Turismo no espazo rural: balance crítico. Con este lema, o obxectivo que nos marcamos é o de reflexionar críticamente sobre o que pasou con esta actividade ata o momento. Levamos xa varias décadas falando e escribindo sobre as bondades do turismo no espazo rural: a súa relación co desenvolvemento sustentable nas súas diferentes perspectivas; as oportunidades laborais que xera, fundamentalmente para as mulleres; ou o seu papel na recuperación patrimonial e cultural en xeral. Con todo, tanto no contexto ibérico como no latinoamericano non parecen existir demasiadas evidencias de que o TER provoque grandes transformacións. Por isto, cremos que é moi pertinente o debate sobre o que se fixo ata agora desde unha perspectiva crítica, aínda que tamén construtiva. Os diferentes grupos de traballo (GT) que se propoñen queren abordar algúns dos retos necesarios desde unha mirada crítica. Entre eles inclúense os relacionados cos espazos naturais protexidos, coas cuestións de xénero e sexualidades, coa desagrarización ou coas réplicas de modelos que xeran competencias e imitacións e que non fan máis que reflectir unha falta de estratexias adecuadas. Pero tamén o X Citurdes quere destacar as moitas iniciativas exitosas que se crearon nestes anos, así como as oportunidades que ofrecen as tecnoloxías, ferramentas que teñen aínda un gran percorrido e que abren grandes

expectativas para o turismo no espazo rural.

Santiago de Compostela é unha cidade declarada patrimonio mundial da humanidade pola UNESCO. Ademais do seu singular valor monumental, ten un importante significado histórico como etapa final dos camiños de Santiago, ruta de peregrinación de orixe medieval. Tamén a súa Universidade, con máis de 500 anos de antigüidade, é un referente cultural e a gran dinamizadora cultural da cidade. Pero ademais de cidade de acollida, Santiago tamén é a capital de Galicia. Entre as riquezas destas terras do noroeste ibérico están as súas paisaxes e a diversidade do seu espazo rural. O congreso propón dúas saídas ao campo para ver diferentes iniciativas relacionadas co turismo rural. En ambos os casos ademais cunha estreita vinculación aos camiños de Santiago. Esperamos pois contar coa vosa presenza en Santiago para participar do X Citurdes: debater, aprender, intercambiar, coñecer, gozar.

DATAS IMPORTANTES

Data límite para o envío de resumos: 18 decembro 2015

Data límite para comunicar a aceptación dos traballos aceptados: 15 xaneiro 2016

Data límite para o pago a prezo reducido: 26 febreiro 2016

Data límite para o envío do texto completo: 24 de xuño 2016.

Mais información: <http://www.usc.es/es/congresos/citurdes/index.html>

II Encontro Galaico-Portugués de Biometría, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente Facultade de Matemáticas, Santiago de Compostela, do **30 de xuño ao 02 de xullo de 2016** Organiza: Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e Investigación de Operacións (SGAPEIO) e a Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE).

Data de inicio: Xoves, 30 de xuño de 2016

Data de remate: Sábado, 02 de xullo de 2016

Cidade: Santiago de Compostela Localización: Facultade de Matemáticas

Organización: Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e Investigación de Operacións (SGAPEIO) e a Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE)

Descrición: Ou **II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)**, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente, terá lugar vos días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2016 na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela. Este encontro temático está organizado pola Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) e pola Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE) como continuación de dous encontros previos organizados polas dúas sociedades: ou I Encontro Luso-Galaico de Biometría, que se celebrou en Braga (Portugal) do 14 ao 16 de xullo de 2013, e ou I **Encontro Luso-Galaico de Estatística** non Medio Ambiente e na Ecoloxía (EES2014), que se celebrou en Vila Real (Portugal) do 6 ao 8 de novembro de 2014. Ou programa do encontro inclúe 4 sesións plenarias, 4 sesións convidadas, unha mesa redonda, e sesións

de comunicacións orais e posters, ademais dun minicurso sobre análise de supervivencia.

Datas importantes: Data límite de envío de resumos: 31 de marzo de 2016.

Notificación da decisión: 20 de abril de 2016.

Data límite de inscrición a prezo reducido: 30 de abril de 2016.

Máis información: <http://biometria.sgapeio.es>

Correo electrónico de contacto: mariajose.ginzo@usc.es

Teléfono de contacto: 881813378

19th European Conference on Mathematics for Industry (ECMI 2016)

Data de inicio: Luns, 13 de xuño de 2016 **Data de remate:** Venres, 17 de xuño de 2016 **Cidade:** Santiago de Compostela.

Localización: Facultade de Bioloxía e Matemáticas **Organización:** Departamento de Matemática Aplicada e Rede Española Matemática-Industria (math-in)

Descrición: ECMI conferences are promoted by the European Consortium for Mathematics in Industry with the aim to enforce the interaction between academy and industry, leading to innovation in both fields.

The 19th European Conference on Mathematics for Industry will take place on June 13-17 in Santiago de Compostela, a lively university town in the north west of Spain. This so-called "city of stone" shelters one of the oldest and most prestigious universities in Spain, the University of Santiago de Compostela (USC), founded in 1495.

The last four ECMI conferences have been held in Taormina (2014), Lund (2012), Wuppertal (2010) and London (2008).

The conference ECMI 2016 is jointly organized by the Department of Applied Mathematics of the USC and the Spanish Network for Mathematics & Industry (math-in).

All relevant information concerning the conference will continuously be updated on the conference website:

<http://www.usc.es/congresos/ecmi2016>

Correo electrónico de contacto: ecmi2016@usc.es

Teléfono de contacto: 881813184

Congreso Internacional sobre? Novas tecnoloxías e novas formas de traballar no dereito español e comparado? "Renovarse ou Morrer" (Reino Unido, Francia, Alemaña, Italia, Polonia, Arxentina e España)

Data de inicio: Xoves, 14 de abril de 2016

Data de remate: Venres, 15 de abril de 2016

Cidade: Santiago de Compostela

Localización: Facultade de Dereito

Organización: ADAPT, AEDTSS e USC

Descrición: Os próximos días 14 e 15 de abril de 2016, a Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela comprácese en organizar e acoller o **CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE? NOVAS TECNOLOXÍAS E NOVAS FORMAS DE TRABALLAR NO DEREITO ESPAÑOL E COMPARADO?** (Reino Unido, Francia, Alemaña, Italia, Polonia, Arxentina e España). Na actualidade, resulta claro que o irrefreable avance das últimas novas tecnoloxías da comunicación e a informática, xunto coa cada vez maior superación do vello modelo produtivo do traballo presencial, fai xurdir? de forma natural- un abanico de novas formas de traballar. A necesidade de reducir as altas taxas de desemprego e crear novos postos de traballo para saír definitivamente da crise económica dos últimos anos obriga ao traballador e ao empresario para explorar novas maneiras formas de prestar servizos, máis flexibles, dinámicas e atractivas, reinventando os límites tradicionais do espazo e tempo de traballo, así como dos conceptos clásicos da propia relación laboral e empresa. Aos poucos, termos ata hai uns anos descoñecidos ?como os de sharing economy (crowd employment, dixital platform employment, collaborative employment) ou? uberización? do traballo- vólvense cada vez máis familiares e déixannos claro que o mercado de traballo está a cambiar. Ademais, xunto a esas novas formas de traballo colectivo, emerxen outras que se adaptan mellor ao novo emprendedor individual dixital, como o ICT mobile work, casual work, voucher based work ou o portafolio work. Diversos estudos de organismos internacionais acreditan o? aínda que incipiente- xa imparabile xurdimento de novas modalidades de traballare relacionarse socialmente.Os retos para o clásico Dereito do Traballo parecen importantes, sobre todo, a efectos de poder dar adecuada resposta á inxente cantidade de problemas xurídicos que poden derivar destes profundos cambios sociais, tecnolóxicos e laborais. Así, en canto resulta oportuno empezar a valorar con certo detemento estas emerxentes formas de traballar, os coorganizadores do mencionado Congreso Internacional? ADAPT, AEDTSS e a propia USC? desexan convidar a todos os interesados na materia para participar activamente naquel, ben asistindo ás conferencias e debates, ben achegando un traballo específico relacionado coa temática dalgunhas dos relatorios (presentado no Congreso na modalidade poster). Sen dúbida, esa participación activa será esencial para comezar a reflexionar dunha maneira seria e ordenada sobre a profundidade das últimas e futuras transformacións laborais.

Os interesados poden achar información completa sobre o evento, matrícula, comunicacións e outras cuestións, na dirección: <http://www.cielolaboral.com/congreso-internacional-novas-tecnologias-e-novas-maneiras-de-traballar-en-o-dereito-espanol-e-comparado-renovarse-ou-morrer/>

Moitas grazas polo voso interese. Santiago de Compostela, outubro 2015.

Os Coorganizadores: ADAPT, AEDTSS e USCCorreo electrónico de contacto: alicia.villalba@usc.es, congreso2016derechotrabajo@hotmail.com

Teléfono de contacto: 14614

Curso gratutito "Xestión da produción en fabricación mecánica"

Luns, 30 Novembro 2015 12:39



Femxa convoca un novo grupo para o curso gratuíto dentro do **programa de Garantía Xuvenil: FME0356_3 Xestión da Producción en Fabricación Mecánica**

DIRIXIDO A: Desempregados Menores de 30 anos con estudos mínimos de Bacharelato ou equivalente.

MODALIDADE: Presencial

DURACIÓN: 310 Horas teóricas

LOCALIDADE: Vigo

DATAS: Do 14 de Xaneiro ao 29 de Marzo de 2016

HORARIOS: De Luns a Venres de 08:00 a 14:00 Horas

CENTRO: Travesía de Vigo, 15. Vigo

REQUISITOS:

- Ter estudos de bacharelato ou equivalente.
- Non traballar nin realizar ningunha formación no último mes

Este curso é o Certificado de Profesionalidad de Nivel 3: FME0356_3 Xestión da produción en fabricación mecánica

Máis información en Femxa, teléfono 900 100 957.

http://www.cursosfemxa.es/1926-gestion-de-la-produccion-en-fabricacion-mecanica.html?utm_source=182_&utm_medium

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña

Mercres, 25 Novembro 2015 10:39



A **Escola Galega de tempo libre** organiza un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña**.

Datas: do 12 de decembro ao 15 de marzo de 2016.

Horario: de luns a xoves de 9 a 14 horas.


Lugar: Ronda de Outeiro 60 entrecán dereita. A Coruña.

Máis información na Escola Galega de tempo libre, teléfono: 607 935 924.

www.escolagalegadetempolibre.es

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña

Mercres, 25 Novembro 2015 10:45



A **Escola Galega de tempo libre** organiza un **curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña**.

Datas: do 5 de decembro ao 7 de maio de 2016.

Horario: sábados de 9 a 14 horas e de 16 a 21 h.

Lugar: Ronda de Outeiro 60 entrecán dereita. A Coruña

Máis información na Escola Galega de tempo libre, teléfono: 607 935 924.

www.escolagalegadetempolibre.es

Curso de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre nas Pontes

Xoves, 26 Novembro 2015 11:00



A **Escola de tempo libre do Eume** convoca un **curso de Monitor/a de Actividades de Tempo Libre**.

Datas: fins de semana dende o sábado 23 de xaneiro ata o domingo 27 de marzo de 2016.

